



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

<http://www.sghn.org> E-mail : entomoloxia@sghn.org

D. Xosé Lois Rey Muñiz, con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía, provisto de D.N.I. nº 35.451.163, actuando en nome e representación da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL, asociación inscrita co nº 584.918 no Rexistro Nacional de Asociacións.

EXPÓN:

- Que durante o mes de santos de 2011 foi localizado en Viana do Castelo (Portugal), excasos 15 km de Galicia varias *Vespa velutina* (Vespidae, Hymenoptera) especie invasora procedente de China e moi agresiva coas abellas (*Apis mellifera*). Achégase copia da publicación onde se reflexa este achádego.

- Que esta localización implica un salto importante dende as zonas da Península Ibérica onde fora localizada (Navarra e Guipuzkoa).

- Que aínda ca erradicación desta especie é difícil, mediante trampeo ou localización e destrución dos seus niños, rexeitar un intento de erradicación implicará unha maior proliferación e maior afección ás colmeas de abellas.

Por todo o anterior.

SOLICITA:

- Que se teña por presentado o presente escrito.

- Que se estableza contacto coas administracións que teñen experiencia na loita contra esta especie, ó obxecto de coñecer experiencias previas e optimizar os recursos humanos e económicos, como a Francesa, Navarra e Vasca.

- Que se informe á gardería e apicultores da situación e se cree un protocolo para detectar e informar de calquera ataque e lograr a localización dos niños e raiñas desta especie para a súa pronta eliminación.

Agradecendo de antemán a atención prestada.

Vilagarcía, a vinte e catro de xaneiro de 2012.

O Coordinador da Sección

Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz.

C O N S E L L E R I A D E M E D I O R U R A L
D I R E C C I Ó N X E R A L D E C O N S E R V A C I Ó N D A N A T U R E Z A .
S A N T I A G O D E C O M P O S T E L A